

## Ruta Río Sarela-Granxa do Xesto-Selva Negra

Estabamos agardando na carballeira de San Lourenzo cando, á hora acordada, chegou o autobús procedente de Burela para darnos o primeiro motivo de gozo do día: acostumadas/os a que despois da pandemia abonde cun microbús para os desprazamentos, hoxe veñen nun autobús grande e iso significa que a xente está recuperando o ánimo e as gañas de vivir. A mañá está soleada e fría. Saudámonos e dirixímonos ata á Ponte do Sarela.

Contamos cun guía excepcional, Pepe, a quen coñecemos como “OGolpe”. Tén feito esta ruta moitas veces, coñece a historia de cada recuncho e ofreceuse a acompañarnos. Na ponte dános unha breve introdución do que imos atopar no percorrido ao pé do río: pontes medievais, muíños, curtidoiros, lavadoiros...

Comezamos a camiñar río arriba por estreitos sendeiros que nos fan esquecer a proximidade da cidade. Un Sarela de augas cristalinas e moitas reviravoltas, con antigas pontes, restos de muíños e pelamios esquecidos. Coa excepción do loureiro, as demais árbores son de folla caduca e hoxe a pérgola vexetal que cobre o sendeiro permite o paso do Sol, o que se agradece moito. Mesmo os poucos exemplares de conífera que hai, son dunha especie de ciprés que tira a folla no inverno.

Con breves paradas para algunha explicación sobre o terreo, axiña chegamos ata a zona do Carme de Abaixo onde cruzamos a ponte para movernos polo parque de Galeras ata a Ponte do Asén e, desde aí, pasando polos lavadoiros de Santa Isabel e a ponte dos tres ollos; sempre por sendeiros naturais; chegamos ata a ponte de Romaño onde paramos para reagruparnos e dar un xiro para subir pola ladeira do Pedroso. É a única pendente da ruta, por camiños forestais e con mestura de árbores do país e de fóra, na que se xuntaron o aumento de temperatura co esforzo da subida para que empezáramos a quitar capas de roupa. Así chegamos á Granxa do Xesto, un típico monte galego cunha área recreativa para goce de pequenos e maiores. Noutras visitas, os coros das rás descubrían as abundantes “minas” de auga construídas nesta granxa, pero agora, xusto na metade do inverno, as rás están a durmir.

Despois baixamos polo Parque da Selva Negra rodeados de vellos carballos ata chegar á fonte monumental onde facemos unha foto grupal e, pouco despois, chegamos ao autobús, á hora prevista e sen ningún contratempo.

E rematamos, como non, cun espléndido xantar onde repuxemos forzas compartindo sensacións sobre esta ruta e outras moitas experiencias, nun ambiente de moita camaradería. Pensamos que o día saíu a pedir de boca: a pesar do frío inicial, fíxo sol e a temperatura foi moi agradable para camiñar, o xantar foi estupendo e a ruta, cremos que gustou.

Aproveitamos para darvos as grazas a todas/os pola vosa paciencia e moi en especial a OGolpe, por acompañarnos e explicarnos tantas cousas durante a ruta. Tamén a Ana, que sabemos que tivo moitas dificultades para atopar un local que dera de comer a tanta xente en domingo.

Marina e Fernando